



## **Capítulo I. Sobre mobilidade**

### **1. Requisitos xerais e específicos**

Ademais dos requisitos xerais indicados na convocatoria correspondente a cada programa de mobilidade, para poder gozar destas estadias as persoas solicitantes deben:

- a) Ter superado mínimo 45 créditos da titulación no momento da solicitude, agás estudantado de primeiro curso que terá que ter superados 30 créditos á finalización do primeiro cuatrimestre. No caso de estudos de Mestrado, o estudantado debera estar matriculado en titulacións de máis de 60 créditos. Terá preferencia o alumnado que teña superado máis de 45 créditos.
- b) Ter acreditado o nivel de competencia lingüística que requira a institución de destino, de ser o caso.
- c) Non ter arquivada a matrícula ou suspendidos os dereitos como estudante da universidade.
- d) Non ter presentado renuncia fóra de prazo sen estar debidamente xustificada nalgũa convocatoria de mobilidade do curso anterior.
- e) Poderá participar o estudantado que realizou mobilidades en convocatorias anteriores sempre e cando se tratara dunha titulación diferente ou non excedan os tempos máximos estipulados para mobilidades nacionais e/ou internacionais.

### **2. Normas Supletorias**

Para todos aqueles aspectos non previstos nesta Normativa serán de aplicación os distintos regulamentos e normativas de mobilidade da Universidade de Vigo, así como o estipulado nas convocatorias dos programas de mobilidade.

Recoméndase consultar procedementos, tramitación, condicións, etc. a Convocatoria correspondente (Erasmus+, SICUE, etc.) que se publica cada curso académico.



## **Capítulo II. Criterios de selección e adxudicación de prazas**

### **3. Criterios de valoración das candidaturas**

A selección das candidaturas para participar nalgún dos programas de mobilidade internacional ou nacional, levarase a cabo, cando as solicitudes superen o número de prazas dispoñibles, conforme aos seguintes criterios de valoración:

- a) Expediente académico. Empregarase a nota media que figure no expediente do estudante na data establecida na convocatoria do correspondente programa de intercambio.
- b) Coñecemento da lingua, cando a universidade de destino o requira
- c) Coñecemento doutras linguas estranxeiras.

O coñecemento de idiomas mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo son recoñecidos automaticamente. Será preciso a presentación de certificacións doutras entidades recoñecidas na convocatoria do correspondente programa de mobilidade.

### **4. Selección e adxudicación de prazas**

As prazas serán asignadas ao estudiantado que cumpra os requisitos xerais e específicos por orde de nota media do expediente académico. Para a adxudicación das prazas, terase en conta a orde de preferencia indicado polos solicitantes. En caso de empate, atenderase á maior cualificación no coñecemento de idiomas. O estudiantado é o responsable de verificar cales son os requisitos específicos de admisión da universidade de destino.

## **Capítulo III. Contrato de estudos**

### **5. Elaboración de contrato de estudos**

O estudiantado deberá consultar os planos de estudos da universidade de destino (é preciso verificar que as materias elixidas se imparten nun idioma que no que o estudiantado teña competencia) e propoñer á/ás persoa/as responsables das relacións internacionais unha proposta de acordo de aprendizaxe na que consten as materias (nome e código, se houber) cos créditos que poden cursarse na universidade de acollida, con indicación do cuadrimestre no que se imparte, a facultade de destino e a súa equivalencia



con materias ou créditos do plan de estudos indicando o nome e código da materia, curso e cuadrimestre no que se imparte. O estudiantado terá que incluír no contrato de estudos só aquelas materias que vaian ser avaliadas na institución de destino. O estudiantado poderá presentarse no período de avaliación ordinario/extraordinario de tódalas materias nas que estea matriculado/a e non foran incluídas no contrato de estudos. Esta proposta, unha vez consensuada entre o estudiantado e á/ás persoa/as responsable, materializarase nun contrato de estudos.

O/A estudante será o/a responsable último da elaboración, modificación e validación do contrato de estudos e da súa presentación na área académica a través dos medios estipulados para tal efecto. Estes procedementos deben seguir as pautas establecidas no Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo. Para a elaboración deste contrato de estudos, o estudiantado contará co apoio da/s persoa/s responsable/s (coordinación de mobilidade) ou, de ser o caso, dunha persoa titora ou titor con especial coñecemento sobre a institución de destino, cuxas tarefas enuméranse no artigo 9 do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo.

Se unha vez iniciada a mobilidade fose necesario por causas de forza maior (incompatibilidade de horarios entre materias, etc.) modificar o contrato de aprendizaxe, o estudiantado terá que enviar a nova proposta razoada sobre os motivos do cambio á/ás persoa/as responsable. O novo documento terá que pasar novamente a ser asinado polas partes e o estudiantado debera comunicar á área académica os cambios na súa matrícula de estudos.

É posible defender o TFG e realizar prácticas na Universidade de destino, se esta o permite

## **6. Recoñecemento de créditos**

- a) O número máximo de créditos totais obxecto de recoñecemento cursados ao abeiro da participación en diversos programas de intercambio no estranxeiro será de 60.
- b) O recoñecemento da cualificación obtida no estranxeiro gardará a debida correspondencia co sistema de cualificacións da Universidade de Vigo.



- c) Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo.

## **Capítulo IV. Prórrogas e prácticas**

### **7. Prórroga das estadias.**

O estudantado saínte poderá solicitar a autorización da ampliación da estadia, nas condicións que estipule a convocatoria, durante o período lectivo do mesmo curso académico. A autorización, de ser o caso, indicará de forma expresa se se concede ou non unha axuda económica para o período de ampliación.

O solicitante debe ter en conta que:

- a) A ampliación da estadia só se considerará por causas académicas, como por ter que completar un proceso de avaliación, rematar unha actividade de prácticas nunha empresa, completar un traballo académico ou por outras causas debidamente xustificadas.
- b) A solicitude de ampliación realizarase na ORI nos prazos establecidos na convocatoria.  
A ORI confirmará de forma expresa se se concede ou non unha axuda económica.
- c) No caso dos contratos de estudos, unha vez modificados e aceptados polas tres partes implicadas, o estudantado deberá informar a secretaría do centro para facer os cambios pertinentes na súa matrícula.

### **8. Prácticas**

A selección para participar en programas de prácticas a través de mobilidades réxese por unha normativa específica.